

Dramaturxia e dimensión pública: texto dramático

29.04.2007

C. RODRÍGUEZ

Hai libros importantes e fundamentais para entender, coñecer e interpretar un xénero. Este é o caso deste estudo-ensaio arredor do feito teatral, *Dramaturxia. Teoría e práctica*, que acaba de editarse na Biblioteca do Teatro, –que ofrecen en colaboración e nun acordo de publicación entre a Editorial Galaxia e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais–, e obra de Afonso Becerra de Becerreá, ensaísta e bo coñecedor da cerna e as complexidades teatrais: titulado superior de Dramaturxia, profesor, dramaturgo, (o dramaturxista será quen de analizar e reflexionar sobre os textos, cun criterio cualificado para criticar e observar a relación co público), teorizador... preséntanos unha obra densa que tenta ser "unha reflexión sobre o oficio e a arte da dramaturxia, en interconexión orgánica con outras disciplinas do campo das artes escénicas, e intenta facer unha prospección nas entrañas e nas calidades que caracterizan, e dotan cunha especificidade, o dramático e o teatral na cosntrucción textual".

Así, ao longo dunha ducia de capítulos, o autor organiza todo o universo do fenómeno teatral ofrecéndonos profundas achegas e reflexións sobre este eido da dramaturxia, retomando a esencia do que o xénero é desde a orixe á realidade presente. E faino desde aquela función inicial que arrancaba do goce e do pracer de cantos interveñen no proceso teatral, unha función na que mesmo os filósofos (por exemplo Aristóteles na súa *Poética*, Platón na *República*, Sócrates...) detiveron a súa particular consideración. Goece e pracer da dramaturxia, unha arte que se basea na construción e composición de pezas dramáticas sen esquecer todos aqueles elementos e trazos que fan da obra teatral un todo: tanto os procesos de análise como a interpretación dos materiais dramáticos que conflúen e forman parte dunha escenificación.

A *dramaturxia do drama*, *Teatralidade*, *Dramaturgo e dramaturxista*, *O texto dramático*, *O discurso dos personaxes* ou *O sangue e a respiración da dramaturxia: o ritmo*, son algunhas das partes deste completo ensaio, desta reflexión sobre este xénero artístico. Naturalmente, non podía obviarse a peza fundamental do feito dramático: o personaxe. A el se lle dedica un capítulo xa que, como afirma o autor, calquera que sexa a natureza –real ou fantástica– ou a súa forma, sempre agroma como metáfora do ser humano e das súas infindas caras. Tamén son motivo de reflexión as clases de personaxes ou as funcións, segundo o grao de abstracción, que configuran actante, actor, rol e identidade imaxinaria.

Este *Dramaturxia. Teoría e práctica* leva, ademais, un prólogo da escritora María Xosé Queizán (*O teatro como xénero político*) no que se salienta, entre outras oportunas consideracións, a importancia da palabra arredor da que a autora se expresa así: "A acción só é política cando vai acompañada da palabra. A palabra é unha sorte de acción que nos pon ante a nosa responsabilidade co mundo, porque no acto da fala experimentamos o mundo común. A acción precisa do discurso, faise pertinente a través da palabra falada na que se identifica como actor, anunciando o que fai, o que fixo, o que fará".